


Data:	21/08/2026	Hora:	10:40
Asunto:	DECISIÓN CCDD Nº 1 VERIFICACIÓNS ITINERANTES	Doc. Nº:	01.CD.2
De:	Comisarios Deportivos		
Para:	Delegado Técnico	Nº páxinas:	1


De acordo co disposto no artigo 11.7 das Prescricións Comúns 2026, o Colexio de Comisarios Deportivos autoriza ao Delegado Técnico a que ordene as verificacións itinerantes que estime oportunas durante o desenvolvemento do rallye. As ditas verificacións poderán versar sobre calquera elemento mecánico do vehículo, dos elementos de seguridade do coche ou dos participantes así como controis de pesaxes, de precintos, control da colocación das cámaras *on-board* e todo aquilo que figure nos regulamentos que sexan de aplicación.

Se no desenvolvemento destas verificacións se tivese algunha dúbida sobre calquera elemento do vehículo, sen desmontalo, procederase a precintalo ou marcalo para a súa posterior verificación. Esta operación deberá realizarse no menor tempo posible e se lle entregará ao equipo unha copia asinada da acta de precintado.

Do mesmo xeito, comprobarase que a identidade da tripulación corresponda coa que figura na lista de autorizados a tomar a saída. Calquera anomalía deberá ser notificada á Directora de Carreira o máis axiña posible.



D. Rubén Carballo Iglesias
Presidente CC.DD.



D.ª Estrella Castrillón Vidal
Comisaria Deportiva



D. Eduardo H. Piñón Roca
Comisario Deportivo